

**CENTRO: I.E.S. RAMÓN CAAMAÑO**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

---

**TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA  
COMUNICACIÓN**

**DEPARTAMENTO: ARTES**

**CURSO: CUARTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

**ANO ACADÉMICO: 2022/23**

## ÍNDICE

1. CONTEXTO.....	3
• Centro.....	3
• Alumnado.....	3
• Obxectivos.....	3
2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.....	4
3. RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES.....	6
4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	9
5. METODOLOXÍA.....	12
• Recursos, materiais didácticos e organización de espazos.....	12
6. AVALIACIÓN.....	13
Avaliación inicial.....	13
Avaliación continua.....	13
Avaliación final.....	14
Recuperación e avaliación de pendentés.....	14
7. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	155
8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	15
9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	15
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	15
11. DATOS DO DEPARTAMENTO.....	15
12. PLAN DE REFORZO ESPECÍFICO.....	156
13. REFERENCIAS NORMATIVAS.....	16

# 1. CONTEXTO

## • Centro:

O centro sitúase no Concello de Muxía, na provincia da Coruña.  
Oferta as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria.  
Foi creado no curso 1998-1999 cando, a Rede de Centros da Consellería de Educación determina o funcionamento do mesmo, como centro de educación secundaria, pois, orixinariamente, era de educación primaria.

## • Alumnado:

O alumnado procede dos colexios públicos adscritos (CEIP Vilarmide e CEIP Os Muíños). Existe un terceiro centro adscrito, o CEIP Virxe da Barca, pero deste non se recibe directamente ao alumnado, pois só imparte a ensinanza infantil e o primeiro ciclo de educación primaria.  
Segundo o Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC) como elemento definitorio do contexto dos centros, o centro pertence ao grupo baixo.

## • Obxectivos

a	Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
b	Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
c	Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
d	Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
e	Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e comunicación.
f	Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
g	Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
h	Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
i	Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.
l	Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
m	Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
n	Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
ñ	Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia,

	participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
o	Cofreecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Preséntase esta programación en 9 unidades didácticas, desenvolvendo os diferentes bloques de contidos establecidos no Decreto 86/2015:

1. Hardware e software.
2. Redes.
3. Software ofimático: Procesador de texto.
4. Software ofimático: Presentacións.
5. Software ofimático: Folla de cálculo.
6. Software ofimático: Base de datos.
7. Creación e edición de contidos multimedia.
8. Seguridade informática.
9. Publicación e difusión de contidos.

Contidos		Temporalización Trimestral			UD
		1º	2º	3º	
<b>BLOQUE 1: ÉTICA E ESTÉTICA NA INTERACCIÓN EN REDE</b>					
B1.1	Políticas de seguridade para a protección do individuo na interacción coa rede. Contraseñas. Condutas e hábitos seguros.				8
B1.2	Intercambio e publicación de información dixital na rede. Seguridade e responsabilidade no uso dos servizos de publicación.				9
B1.3	Dereitos de propiedade intelectual e de explotación dos materiais aloxados na web. Tipos de licenzas de distribución.				9
B1.4	Propiedade e distribución do software e da información. Tipos de licenzas de uso e distribución.				3
B1.5	Identidade dixital, privacidade e seguridade. Desenvolvemento de actitudes de protección activa ante dos intentos de fraude.				9
<b>BLOQUE 2: COMPUTADORES, SISTEMAS OPERATIVOS E REDES</b>					
B2.1	Funcións de configuración dos equipamentos informáticos.				1
B2.2	Instalación e eliminación de software de propósito xeral.				1
B2.3	Utilización de software de comunicación entre equipamentos e sistemas.				2
B2.4	Arquitectura dun computador: compoñentes básicos e características.				1
B2.5	Elementos e sistemas para a comunicación con fíos e sen eles.				2
<b>BLOQUE 3: ORGANIZACIÓN, DESEÑO E PRODUCCIÓN DE INFORMACIÓN DIXITAL</b>					
Contidos		Temporalización Trimestral			UD
		1º	2º	3º	
B3.1	Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetaxe. Importación de imaxes e gráficos.				3,4,5
B3.2	Formatos abertos e estándares de formato na produción de documentación.				3,4,5
B3.3	Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos.				5
B3.4	Organización da información en bases de datos. Realización de consultas básicas e xeración de documentos.				6
B3.5	Tipos de presentacións e estrutura do contido. Deseño da estrutura e de elementos gráficos adecuados para o público obxectivo. Importación de elementos multimedia, de imaxes e de gráficos.				4
B3.6	Edición e montaxe de materiais audiovisuais a partir de fontes diversas. Captura de imaxe, de audio e de vídeo, e conversión a outros formatos.				6
B3.7	Tratamento básico da imaxe dixital. Exposición, saturación, luminosidade e contraste. Resolución e formatos.				6

Contidos		Temporalización Trimestral			UD
		1º	2º	3º	
<b>BLOQUE 4: SEGURIDADE INFORMÁTICA</b>					
B4.1	Procedementos de intercambio de información entre dispositivos físicos de características técnicas diversas.				2
B4.2	Riscos de seguridade para sistemas, aplicacións e datos. Hábitos de protección.				8
B4.3	Medidas de seguridade activa e pasiva. Actualización de software. Antivirus e devasas.				8
<b>BLOQUE 5: PUBLICACIÓN E DIFUSIÓN DE CONTIDOS</b>					
B5.1	Compartición de recursos en redes locais e en internet.				2
B5.2	Deseño de páxinas web sinxelas.				9
B5.3	Creación e publicación na web. Estándares de publicación.				9
B5.4	Traballo colaborativo con servizos na nube e coas ferramentas das TIC de carácter social.				9
<b>BLOQUE 6: INTERNET, REDES SOCIAIS E HIPERCONEXIÓN</b>					
B6.1	Creación e publicación na web de materiais multiplataforma accesibles.				9
B6.2	Recursos e plataformas de formación a distancia, emprego e saúde.				9
B6.3	Administración electrónica e comercio electrónico: intercambios económicos e seguridade.				9
B6.4	Sincronización entre dispositivos móbiles e computadores.				9
B6.5	Redes sociais. Privacidade e seguridade persoal na interacción en redes sociais.				8,9
B6.6	Utilización de canles de distribución de contidos multimedia para distribución de materiais propios.				9

### 3. RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES

Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. estándar	Estándares de aprendizaxe avaliados	UD	Grado mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación			Competencias clave									
						Proba escrita	Rexistro de observación directa por táboas	Portfolio	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC			
B1.1	B1.1	TICB 1.1.1	Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.	8	50%													
B1.2		TICB1.1.2	Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	8	50%													
B1.3	B1.2	TICB1.2.1	Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información	9	50%													
B1.4	B1.3	TICB1.3.1	Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.	3	50%													
B1.5		TICB1.3.2	Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	9	40%													
B2.1	B2.1	TICB2.1.1	Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.	1	40%													
		TICB2.1.2	Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	1	40%													
B2.2	B2.2	TICB2.2.1	Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.	1	40%													
B2.3	B2.3	TICB2.3.1	Administra o equipamento con responsabilidade e coñecer aplicacións de comunicación entre dispositivos.	2	50%													
B2.4	B2.4	TICB2.4.1	Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	1	40%													
B2.5	B2.5	TICB2.5.1	Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	2	40%													
B3.1	B3.1	TICB3.1.1	Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	3,4,5	40%													
B3.2																		
B3.3		TICB3.1.2	Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.	5	50%													
B3.4		TICB3.1.3	Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.	6	40%													
B3.5	B3.2	TICB3.2.1	Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.	4	40%													
B3.6																		
B3.7		TICB3.2.2	Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.	6	40%													
B4.1	B4.1	TICB4.1.1	Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.	2	40%													

B4.2		TICB4.1.2	Cofece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	8	40%											
B4.3		TICB4.1.3	Describe a importancia de actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.	2	40%											
B5.1	B5.1	TICB5.1.1	Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.	2	40%											
B5.2	B5.2	TICB5.2.1	Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.	9	40%											
		TICB5.2.2	Deseña páxinas web e cofece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.	9	40%											
<b>Identif. contidos</b>	<b>Identif. criterios</b>	<b>Identif. estándar</b>	<b>Estándares de aprendizaxe avaliados</b>	<b>UD</b>	<b>Grado mínimo de consecución</b>	<b>Instrumentos de avaliación</b>			<b>Competencias clave</b>							
						Proba escrita	Registro de observación directa por táboas	Portfolio	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	
B5.3 B5.4	B5.3	TICB5.3.1	Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.	9	50%											
B6.1	B6.1	TICB6.1.1	Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.	9	40%											
B6.2		TICB6.1.2	Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.	9	40%											
B6.3																
B6.4		TICB6.1.3	Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.	9	50%											
B6.5	B6.2	TICB6.2.1	Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.	8,9	50%											
B6.6	B6.3	TICB6.3.1	Emprega canle de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.	9	40%											

#### LENDA COMPETENCIAS

CCL Comunicación lingüística.

CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

CD Competencia dixital.

CAA

CSC

CSIEE

Competencia aprender a aprender

Competencias sociais e cívicas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

CCEC

Conciencia e expresións culturais.

## **CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.**

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita e a comunicación audiovisual.
2. A educación cívica e constitucional.
3. A igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

4. O espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
5. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peóns, viaxeiros e condutores de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.
6. A educación ambiental e o desenvolvemento sostible.
7. A educación para a saúde e a calidade de vida.
8. A educación para o lecer.
9. A educación para o consumidor.



## 4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Relación de estándares que contribúen a acadar cada competencia clave.

CCL	<p>Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.</p> <p>Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.</p> <p>Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.</p> <p>Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.</p> <p>Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.</p> <p>Describe a importancia de actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.</p> <p>Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.</p> <p>Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.</p> <p>Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.</p> <p>Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.</p> <p>Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.</p> <p>Emprega canle de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.</p>
CMCCT	<p>Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.</p> <p>Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.</p> <p>Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.</p> <p>Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.</p> <p>Administra o equipamento con responsabilidade e coñecer aplicacións de comunicación entre dispositivos.</p> <p>Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.</p> <p>Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.</p> <p>Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.</p> <p>Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.</p> <p>Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.</p> <p>Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.</p> <p>Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.</p> <p>Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.</p> <p>Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.</p> <p>Describe a importancia de actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.</p> <p>Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.</p> <p>Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.</p> <p>Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.</p> <p>Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os</p>







## 6. AVALIACIÓN

### Avaliación inicial

Durante as primeiras sesións do curso avaliarase o nivel de partida do alumnado en coñecementos básicos, que necesitarán como base de apoio ou ferramenta de traballo para construír o novo coñecemento. Os resultados obtidos serán o punto de partida na toma de decisións: reforzos... A propia avaliación inicial pode servir de recordatorio e punto de arranque, podendo realizarse por escrito ou verbalmente promovendo a participación do grupo.

Convén prestar atención e ter en conta os informes individualizados remitidos polo departamento de orientación.

Con independencia da avaliación inicial realizada nas primeiras sesións do curso, a criterio do docente pódese realizar unha avaliación inicial en calquera outras sesións do curso, xa sexa porque así se estima oportuno debido aos novos contidos que se abordarán, ou debido ao tempo que transcorreu desde que o alumnado tivo contacto cos mesmos.

### Avaliación continua

En cada unha das avaliacións poderán levarse a cabo unha ou varias probas (exames) nas que se incluírán contidos a avaliar traballados durante o trimestre.

A criterio do profesor, poderanse facer tamén controis da materia, para que o alumnado poida ser consciente do grao de adquisición de coñecementos.

Estas probas e controis poderán ser escritos, orais ou multimedia, tanto teóricos como prácticos. Realizaranse de xeito presencial na aula, e no caso de ensino non presencial, a través de medios telemáticos.

Terase en conta na cualificación do alumnado traballos en grupo e individuais realizados principalmente na aula, a adecuación ás condicións que deben de cumprir os devanditos traballos e a calidade destes determinará a nota dos mesmos.

Determinación da nota de cada avaliación:

- ✦ **Nota avaliación** = 40% Media das notas das probas + 60% Media das notas dos traballos entregados e corrixidos.

#### **Condições a cumprir para que a nota de avaliación sexa de 5 sobre 10 ou superior:**

- ✓ A nota media dos exames será como mínimo dun 3 sobre 10.
- ✓ Todos os traballos obrigatorios deben de estar entregados e a súa nota será como mínimo dun 5.

\* No caso de que nunha avaliación non se realicen probas específicas ou exames a nota da avaliación será a media aritmética de tódolos traballos entregados e cualificados durante o trimestre.

A nota que figurará no boletín será a nota da avaliación correspondente redondeada.

No caso de que a nota de avaliación sexa inferior a 5 sobre 10, haberá unha recuperación das partes non superadas a comezos da seguinte avaliación.

Período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación final: durante este período hai que diferenciar dous tipos de alumnado:

- ✓ Alumnado coas 3 avaliacións superadas: realizará actividades de apoio, reforzo ou ampliación. Estas

actividades serán avaliáveis. Avaliaranse globalmente e poderán servir para sumar ata 1 punto na nota final sobre a media das tres avaliacións precedentes.

Alumnado con 1 ou máis avaliacións non superadas: realizará actividades de recuperación (traballos, probas...). Estas actividades están encamiñadas a recuperar as avaliacións suspensas. Puntuaranse de 0 a 10.

## Avaliación final

A **nota** de **final** de curso establecerase como segue:

- ✦ Para que o alumno/a supere a materia de 4º ESO TICS a media aritmética das tres avaliacións ten que ser maior ou igual a 5 sobre 10.

A materia terá avaliación positiva cando se superen todos os estándares de aprendizaxe no seu grado mínimo e se teña avaliación positiva (cualificación igual ou superior a 5 sobre 10) na avaliación final.

## Recuperación e avaliación de pendentos

Non hai alumnado con esta materia pendente.

## 7. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

O proceso de ensino e práctica docente avaliarase continuamente durante a propia práctica docente e en particular ao final do curso tendo en conta o grao de:

- Desenvolvemento dos contidos.
- Consecución dos obxectivos.
- Resultados académicos.
- Implicación e motivación do alumnado en xeral.

## 8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A programación avaliarase continuamente durante a práctica docente e en particular ao final do curso tendo en conta o grao de:

- Desenvolvemento dos contidos.
- Consecución dos obxectivos.
- Aproveitamento dos recursos didácticos.
- Modificacións na metodoloxía e avaliación.
- Implicación e motivación do alumnado en xeral.

## 9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A realidade de calquera grupo do alumnos/as e heteroxénea, presentando todos eles diferentes niveis de maduración persoal así como intereses, motivación e aptitudes. Para atender dende a programación á diversidade podemos facer as seguintes accións entre outras:

- Graduar a dificultade das tarefas propostas, de forma que todo o alumnado poda atopar espazos de resposta máis ou menos amplos.
- Adaptar os espazos e os tempos ó alumnado, así como o formato das probas.
- Formar grupos de traballo heteroxéneos.
- Propor actividades complementarias afíns ás actividades que se estean tratando.
- Posibilitar traballos alternativos que contemplan os contidos esenciais.

## 10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Realización de obradoiros TIC con profesionais de recoñecido prestixio na materia ou con artistas que traballen neste ámbito. A realizar no centro.

## 11. DATOS DO DEPARTAMENTO

A asignatura de TICS está integrada no curso 2022-2023 no Departamento de Artes.

Materia	Curso	Grupos
EPVeA	1 ESO	A, B
EPVeA	3 ESO	A,
EPVeA	4 ESO	A,
INIC TIC II	2 ESO	A,
TICs	4 ESO	A,

Este curso o Xefe do departamento de ARTES será tamén a coordinador TIC do centro.


## 12. PLAN DE REFORZO ESPECÍFICO

Esta materia é o primeiro curso que se imparte neste grupo, polo que no é necesario un plan de reforzo específico.

### 13. REFERENCIAS NORMATIVAS

- ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE).
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 22).
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. (DOG do 11 de febreiro)

En Muxía a 20 de Setembro de 2022.



Asdo.: David Creus Andrade.

Xefa do Departamento de Artes.